


Venres 14 de Xuño 2019

HOLY MOTORS (Leos Carax, 2012)



Dirección: Leos Carax. **Guión:** Leos Carax. **Fotografía:** Caroline Champertier, Yves Cape. **Son:** Erwan Kerzanet, Katia Boutin, Josefina Rodriguez, Emmanuel Croset. **Música orixinal:** “Who were me?” (Neil Hannon-Carax y Neil Hannon, interpretada por Kylie Minoge). **Música adicional:** “Funeral March- Adagio Molto” (String Quartet 15 E. Op 144); “Godzilla, Main Title” (Sinking of Bigou-maru); “How are you getting home?” (Ron Mael. Interpretada por Sparks), “Revivre” (G. Manset), “Let Me Baby Ride” (Rl Bernside/ Tom Rothrock. Adaptado por Doctor L. Eliot Simon y Quentin Auvray) **Creación e supervisión de maquillaxe e perruquería:** Bernard Floch. **Decorados:** Florian Sanson **Vestuario:** Anaïs Romand. **Efectos visuais:** Thierry Delobel. **Asistente de realización:** Julie Gouet. **Script:** Mathilde Profit. **Montaxe:** Nelly Quettier. **Dirección de post-produción:** Eugénie Deplus. **Produción:** Pierre Grise Productions/Théo Films/ Arte France Cinéma/Pandora Film/WDR-Arte. **Distribución:** Les Films du Losange (Francia)/ Avalon (España). **Duración:** 1h55 **Elenco:** Denis Lavant, Edith Scob, Eva Mendes, Kylie Minoge, Elise Lhomeau, Michel Piccoli, Jeanne Disson, Leos Carax, Nastya Golubeva Carax, Reda Oumouzoune, Zlata, Geoffrey Carrey, Anabelle Dexter Jones.

SINOPSE: Acompañamos a Óscar durante algunhas horas do seu día a día. Pero... Quen é Óscar? Un misterioso personaxe que cambia constantemente de existencia. Só está acompañado de Celine, quen o leva nunha gran limusina percorrendo París, para formar parte de diferentes vidas e diferentes situacións. Un traxecto que parece buscar a beleza do xesto, as pantomas do pasado ou os vestixios do futuro.

A prensa francesa dixo do filme:

-“Formalmente prodixioso *Holy Motors* navega sobre esa estreita crista que separa o kitsch do embelesamiento e evita case todos os escollos da súa estrutura dividida”. Jean-Baptiste Thoret para *Charlie Hebdo*.

-“Borges, Dalí e Ionesco tiveron un fillo, chámase Leos Carax”. Simon Riaux para *Ecran Large*.

-“Conquistador soberano, falsamente melancólico, increíblemente lúdico, de asombrosa orixinalidade e inventiva. Carax lanza un filme xenial”. Jean-Marc Lalanne para *Les Inrockuptibles*.

-“Unha película de liberdade suprema”. Jean Roy para *L’Humanité*.

-“Este conto encantador pasa por todos os estados do cinema, todas as épocas confundidas. Denis Lavant é capaz de provocar todas as emocións (...) Carax construíu este labirinto sinuoso pensando no cinema como unha forma artística libre”. Romain Le Vern para *Excesiff*.

Filmografía seleccionada de Leos Carax:



Boy Meets Girl (1984), *Sangue Malo* (Mauvais Sang, 1986), *Os Amantes do Pont-Neuf* (Les Amants du Pont-Neuf, 1991), *Pola X* (1999), *Tokyo!* (2008).

Para saber máis:

-Arnaud, Diane: *Changements de têtes: de georges Méliès à David Lynch*. France: Pertuis, Ruge profond, 2012.

Venres 14 de Xuño 2019

-Brun, Marie-Thérèse: *Le cinéma des années 80 “esthétique publicitaire” ou “post-modernisme”?* une esthétique de la communication en quête de légitimité. Lille: ANRT, 1991.

-Journot, Marie-Thérèse: *Le courant de “l’esthétique publicitaire” dans le cinéma français des années 80: la modernité en crise*: Beineix, Besson, Carax. Paris: L’Harmattan, 2004.

-Pichon, Alban: *Le cinéma de Leos Carax: l’expérience déjà-vu*. Paris: Le Bord de l’eau, 2009.

-VV.AA: *Cinéma parlant: Leos Carax, Aki Kaurismaki, Roman Polanski, David Cronenberg, Arnaud Desplechin, Philippe Garrel, Hal Hertley, Emir Kusturika, Krzysztof Kieslowski...* Sèvres: La Sirène, Les Inrockuptibles, 1993.

Análise do filme:

O *enfant terrible* do cinema francés firma de novo unha obra totalmente orixinal e libre. Un relato que rexeita a homoxeneidade; construído en once tempos diferentes e repleto de rupturas. Unha historia que transita polos lugares emblemáticos de París pero tamén polos seus recunchos máis descoñecidos (por exemplo o distrito catorce). Diferentes historias nas que Carax non ten ningún complexo en unir o sublime e o ridículo, o máis elegante e o vulgar. Esta mestura fai que o espectador senta un cúmulo de emocións contraditorias.

Monsieur Óscar (Denis Lavant, o sempre formidable alter ego do realizador) percorre París nunha limusina branca, conducida pola fantástica Edith Scoob, transformado en diferentes personaxes que enchen a cidade de accións totalmente distintas unhas doutras. Esta viaxe de Óscar/ Lavant non é outra cousa que a reafirmación da cinefilia de Carax. E en palabras do propio director esta película fala da “*procura da beleza*”.

Cada cambio de M. Óscar remítenos a un universo estético diferente, un novo xénero á parte que parece conformar un bucle que non ten fin, unha viaxe polos autores e títulos esenciais da historia do cinema francés (sen esquecerse da súa filmografía: *Os Amantes do Pont Neuf* ou *Merde*). As referencias son numerosas: O inicio (no que aparece o propio Carax-como o facía Godard en *Histoires du Cinéma* (1988-1998)- remite a Buster Keaton, a presenza de Edith Scoob cunha máscara lévanos sen dubidalo a *Os ollos sen rostro* (*Les yeux sans visage*, 1959) de G. Franju e tamén a *Irma Vepp* (1996) de O. Assayas; a aparición de Monsieur Merde xunto á belísima Eva Mendes é unha referencia o filme de J. Cocteau *A Bela e a Besta* (*A Belle et a Bête*, 1946), a escena paterno filial ten reminiscencias coa de *Polos nosos amores* (*À nos Amours*, 1983) de M. Pialat ou o número musical protagonizado por Kylie Minogue é un chisco a *Os paraugas de Cherburgo* (*Les parapluies de Cherbourg*, 1964) de J. Demy.

En realidade, estamos fronte a un filme sobre o movemento que nos fala do cinema así como tamén sobre a identidade do actor, a identidade propia e a identidade social. O número musical entre Lavant e Minogue é unha canción na que se expón esta cuestión.

Unha película totalmente libre na que a acción, como en todas as obras de Leos Carax, céntrase sobre todo durante a noite. O cineasta afirma nas súas entrevistas que para el “*a noite é o reino do cinema*”. Historias, xéneros, accións, sentimentos que se agrupan baixo os Holy Motors, os motores sacros que nos encarnan a nós mesmos. Aos nosos corpos e almas.

